

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Publicación do acordo adoptado polo pleno da corporación celebrado o 27 de xaneiro de 2020, sobre modificación recoñecemento dedicacións exclusivas e réxime de retribucións dos/das concelleiros/as do Concello de Arteixo

REF.: ARR/MCI/2020

ANUNCIO

ASUNTO: PUBLICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O 27 DE XANEIRO DE 2020, SOBRE MODIFICACIÓN RECOÑECIMENTO DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E RÉXIME DE RETRIBUCIÓN DOS/DAS CONCELEIROS/AS DO CONCELLO DE ARTEIXO

Téndose adoptado pola sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrado o 27 de febreiro de 2020, acordo relativo ao asunto de referencia, procédese á publicación do mesmo, para xeral coñecemento e efectos oportunos:

“9. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E RÉXIME DE RETRIBUCIÓN DOS CARGOS DE CONCELEIRAS/OS DO CONCELLO DE ARTEIXO.-

<<...>>

PRIMEIRO.- Modificar o acordo de dedicación total – exclusiva – en xornada completa, dos membros da Corporación que se indican de seguido, con efectos da data do nomeamento e aceptación dos cargos con adicación exclusiva para os concelleiros/as indicados, coas retribucións que se determinan, divididas en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano), mantendo invariable o acordo do pleno extraordinario celebrado o día 4 de xullo de 2019 na parte non afectada pola presente modificación:

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (€)
CONCELEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA, CONTRATACIÓN, TURISMO E NOVAS TECNOLOXÍAS	44.000 €
CONCELEIRA CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE DEPORTES, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E XUVENTUDE	36.000 €
CONCELEIRO CON DELEGACIÓN ESPECIAL DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	36.000 €

SEGUNDO.- As contías consignadas no apartado anterior serán obxecto de actualización de conformidade ao establecido nas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado para os cargos políticos con adicación.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos membros da Corporación afectados polos cargos anteriormente referidos para a súa aceptación expresa ou tácita polo transcurso de tres días dende a súa notificación sen que se manifeste nada en contrario.

CUARTO.- Dar de alta no rexime xeral da Seguridade Social aos concelleiros/as delegados/as unha vez que acepten e asuman os cargos aos que se lle recoñece o réxime de adicación exclusiva, asumindo o Concello de Arteixo o pago das cotas empresariais que correspondan.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia.”

Asdo. dixitalmente: CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

ALCALDE-PRESIDENTE

Arteixo, a 4 de marzo de 2020

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Acordo Pleno 04/07/2019 sobre o réxime de adicacións dos Concelleiros

REF.: ARR/MCI/2019

ANUNCIO

ASUNTO: PUBLICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O 4 DE XULLO DE 2019, SOBRE O RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS CONCELEIROS

Téndose adoptado pola sesión extraordinaria do Pleno da Corporación celebrado o 4 de xullo de 2019, acordo relativo ao asunto de referencia, procédese á publicación do mesmo, para xeral coñecemento e efectos oportunos:

“9. RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO.-

<<...>>

PRIMEIRO.- Aprobar a dedicación total – exclusiva- en xornada completa, dos membros da Corporación que se indican de seguido, con efectos dende o día 15 de xuño para o cargo de Alcalde-Presidente e con efectos da data do nomeamento e aceptación dos cargos con adicación exclusiva para os restantes concelleiros/as, coas retribucións que se determinan, divididas en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano):

CARGO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL (€)
SR. ALCALDE-PRESIDENTE	55.000 €
CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN	45.000 €
CONCELLEIRO DELEGADO EN MATERIA DE URBANISMO	45.000 €
CONCELLEIRO DELEGADO EN MATERIA DE ECONOMÍA E FACENDA, CONTRATACIÓN E PATRIMONIO	45.000 €
CONCELLEIRO DELEGADO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL	38.000 €
CONCELLEIRO DELEGADO EN ASUNTOS DA MATERIA DE SERVIZOS MUNICIPAIS	38.000 €
CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, PARTICIPACIÓN, XUVENTUDE E NOVAS TECNOLOXÍAS	38.000 €
CONCELLEIRO DELEGADO EN ASUNTOS DA MATERIA DE MEDIO URBANO	38.000 €
CONCELLEIRA DELEGADA EN ASUNTOS DA MATERIA DE CULTURA	33.000 €
CONCELLEIRA DELEGADA EN ASUNTOS DA MATERIA DE DEPORTES	33.000 €

SEGUNDO.- As contías consignadas no apartado anterior serán obxecto de actualización de conformidade ao establecido nas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado para os cargos políticos con adicación.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos membros da Corporación afectados polos cargos anteriormente referidos para a súa aceptación expresa ou tácita polo transcurso de tres días dende a súa notificación sen que se manifeste nada en contrario.

CUARTO.- Dar de alta no rexime xeral da Seguridade Social aos concelleiros/as delegados/as unha vez que acepten e asuman os cargos aos que se lle recoñece o réxime de adicación exclusiva, asumindo o Concello de Arteixo o pago das cotas empresariais que correspondan.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia.”

En Arteixo, 8 de xullo de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

2019/5732

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Acordo Pleno 04/07/2019 sobre asistencias a órganos Colexiados

REF.: ARR/MCI/2019

ANUNCIO

ASUNTO: PUBLICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O 4 DE XULLO DE 2019, SOBRE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS

Téndose adoptado pola sesión extraordinaria do Pleno da Corporación celebrado o 4 de xullo de 2019, acordo relativo ao asunto de referencia, procédese á publicación do mesmo, para xeral coñecemento e efectos oportunos:

“8. APROBACIÓN DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.-

<<...>>

PRIMEIRO.- Os concelleiros que non ostenten dedicación percibirán indemnización pola asistencia aos seguintes órganos dos que formen parte, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberan realizar os descontos oportunos:

- Sesións do Pleno da Corporación: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.
- Sesións da Xunta de Goberno: 400,00 € por cada sesión, ata un máximo de tres sesións mensuais
- Comisións Informativas Permanente de asuntos xerais do Pleno: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais
- Comisións Informativas Permanente de asuntos económicos e ou Comisión Especial de Contas: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais
- Comisión Informativa Especial de Deslinde: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.
- Xunta de Voceiros: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.
- Mesa de Contratación: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais

Para que poida apreciarse a concorrencia efectiva os concelleiros deberán personarse no lugar de celebración da sesión na hora da súa convocatoria. Transcorridos como máximo 20 minutos dende a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano Colexiado que non estean presentes non poderán figurar na acta correspondente nin devengarán ao seu favor dereito ao cobro da indemnización por asistencia anteriormente regulada.

SEGUNDO.- Para os gastos derivados de desprazamentos extraordinarios ou de longo percorrido, así coma para as axudas de custo, os membros corporativos percibirán as contías fixadas para o Grupo 2 nos Anexos do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, revisado pola resolución de dous de decembro de dous mil cinco da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal así como no portal de transparencia.”

En Arteixo, 8 de xullo de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

2019/5730